



Expediente nº 92/2021

Procedemento: Selección de persoal de brigadas de incendios e motobomba

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 2 XEFES DE BRIGADA DE INCENDIOS, 3 CONDUTORES DE MOTOBOMBA, 8 PEÓNS FORESTAIOS (2 PEÓN CONDUTOR E 6 PEÓNS DE BRIGADA), AO ABEIRO DO CONVENIO DE INCENDIOS 2021

Reunidos no Centro Sociocultural de As Nogais o 23 de xuño de 2021 ás 09:30 horas, os integrantes do Tribunal calificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección e contratación laboral temporal de dous xefes de brigada de incendios, oito peóns forestais (dous peóns forestais condutores e seis peóns forestais) e tres condutores de motobomba, ao abeiro do convenio subscrito entre o Concello de As Nogais e a Consellería de Medio Rural, da Xunta de Galicia, para levar a cabo accións de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2021, e que está integrado por:

Cargo	Identidade
Presidente	Ana Belén Alba González
Secretaria	Sandra Díaz Álvarez
Vogal	Julio López Veiga
Vogal	Sandra Neira Gómez
Vogal	María del Carmen García Villamil

ACORDAN

Primeiro.- Constituír o Tribunal de Selección como órganio selectivo do proceso de convocatoria e probas de selección de oito peóns de brigada (2 peóns condutores e 6 peóns), dous xefes de brigada e tres condutores de motobomba por concurso-oposición.

Segundo.- Como órganio de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e como órganio colexiado administrativo ao artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

Terceiro.- A pertenza a este órganio de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación por conta de ninguén.

Cuarto.- Se se considera necesario, poderán dispirse a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, de acordo co previsto na convocatoria. Devanditos asesores colaborarán co órganio de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.



Quinto.- Os membros da comisión permanente de selección de persoal deberán abstirse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusalos cando concorra algunha das devanditas circunstancias.

Dáse por terminada a reunión ás 09:55 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a presente acta e dou fe.

Asdo. Ana Belén Alba González

O TRIBUNAL

Asdo. Julio López Veiga

Asdo. Sandra Neira Gómez

Asdo. M^a del Carmen García Villamil

Asdo. Sandra Díaz Álvarez